



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 341
6 de xullo de 2022

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora

■ 36313 (11/PPLI-000004)

Comisión Promotora da Proposición de lei de iniciativa legislativa popular sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria

Proposición de lei de iniciativa legislativa popular sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria [134492](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

■ 36624 (11/MOC-000106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego respecto do uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35117, publicada no BOPG núm 323, do 25 de maio de 2022, e debatida na sesión plenaria do 29 de xuño de 2022) [134503](#)

■ 36627 - 36648 (11/MOC-000107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel

Sobre a sinistralidade laboral (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34926, publicada no BOPG núm. 323, do 25 de maio de 2022, e debatida na sesión plenaria do 29 de xuño de 2022) [134505](#)

■ 36638 (11/MOC-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre os servizos de medicina interna (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35511, publicada no BOPG núm. 328 do 8 de xuño de 2022, e debatida na sesión plenaria dos días 28 e 29 de xuño de 2022) [134508](#)



1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

I 36415 (11/PNP-003255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia nos procesos de xestión das subvencións e fondos estatais destinados á implantación da recollida separada dos biorresiduos [134510](#)

I 36422 (11/PNP-003256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa, no concello de Silleda [134514](#)

I 36432 (11/PNP-003257)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir que a contratación do Sergas cumpra cos principios de libre concorrència e de competencia, e manteña o carácter excepcional e xustificado da fórmula da prórroga contractual [134518](#)

I 36449 (11/PNP-003258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para dotar O Courel dos servizos de telefonía e internet con calidade e a un custo asumible [134519](#)

I 36471 (11/PNP-003260)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Solicitude de reconversión da PRE doc. núm. 28574 en POC [134523](#)

I 36477 (11/PNP-003261)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa prevención de incendios forestais [134526](#)

I 36483 (11/PNP-003262)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia



Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para iniciar a obra de arranxo na estrada OU-533 da Rúa á Gudiña de forma urxente con orzamentos propios da Comunidade Autónoma [134531](#)

I 36489 (11/PNP-003263)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para controlar a execución dos contratos do servizo de transporte público de Galicia [134533](#)

I 36501 (11/PNP-003264)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de control da contaminación e rexeneración das rías e dos ríos de Galicia [134537](#)

I 36507 (11/PNP-003265)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro, Viveiro [134539](#)

I 36512 (11/PNP-003266)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa regulación do servizo de socorrismo [134542](#)

I 36514 (11/PNP-003267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incluír nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 un orzamento suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela [134546](#)

I 36520 (11/PNP-003268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para permitir na Coruña a dobre adscrición do CEIP de Novo Mesoiro ao IES Elviña e mais ao IES A Sardiñeira, e autorizar unha nova liña de autobús ou adaptar as actuais desde o barrio de Novo Mesoiro ao IES A Sardiñeira [134549](#)

I 36527 (11/PNP-003269)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a renovación do cargo do director xeral da CRTVG [134553](#)



I 36535 (11/PNP-003270)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación e a exclusión das oportunidades das mulleres nas convocatorias e axudas relacionadas coas actividades agrarias [134556](#)

I 36553 (11/PNP-003271)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as medidas de política social que debe adoptar a Xunta de Galicia para minorar a desigualdade económica [134560](#)

I 36564 (11/PNP-003272)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos usos do espazo portuario do concello de Poio [134563](#)

I 36574 (11/PNP-003273)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dimensionar e xestionar correctamente o cadro de persoal do Hospital do Barbanza, para garantir os procesos asistenciais [134566](#)

I 36575 (11/PNP-003274)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de subministración de augas no Val de Lemos [134568](#)

I 36585 (11/PNP-003275)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para asegurar o cumprimento da Lei 9/2011 de medios públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia e para garantir o dereito de liberdade de expresión [134571](#)

I 36595 (11/PNP-003276)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis**

Sobre a actuación que debe desenvolver a Xunta de Galicia para protexer as zonas núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas coruñesas e das Terras do Mandeo [134576](#)

I 36598 (11/PNP-003277)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que se manteña a oferta de Bacharelato de Arte no IES O Carril de Vilagarcía [134578](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

■ 36528 (11/PNC-003382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a renovación do cargo do director xeral da CRTVG

[134581](#)

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

■ 36416 (11/PNC-003368)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia nos procesos de xestión das subvencións e fondos estatais destinados á implantación da recollida separada dos biorresiduos

[134584](#)

■ 36423 (11/PNC-003369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa canteira situada nas inmediacións da fervenza do Toxa, no concello de Silleda

[134588](#)

■ 36431 (11/PNC-003370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir que a contratación do Sergas cumpra cos principios de libre concorrència e de competencia, e manteña o carácter excepcional e xustificado da fórmula da prórroga contractual

[134592](#)

■ 36448 (11/PNC-003371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para dotar O Courel dos servizos de telefonía e internet con calidade e a un custo asumible

[134593](#)

■ 36472 (11/PNC-003373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co proxecto dun novo parque empresarial no lugar da Tarroeira, en Pontecesures

[134597](#)



I 36478 (11/PNC-003374)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa prevención de incendios forestais

[134600](#)**I 36484 (11/PNC-003375)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para iniciar a obra de arranxo na estrada OU-533 da Rúa á Gudiña de forma urxente con orzamentos propios da Comunidade Autónoma

[134605](#)**I 36490 (11/PNC-003376)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para controlar a execución dos contratos do servizo de transporte público de Galicia

[134607](#)**I 36500 (11/PNC-003377)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de control da contaminación e rexeneración das rías e dos ríos de Galicia

[134611](#)**I 36508 (11/PNC-003378)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro

[134613](#)**I 36513 (11/PNC-003379)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa regulación do servizo de socorrismo

[134616](#)**I 36515 (11/PNC-003380)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incluír nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 un orzamento suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

[134620](#)**I 36521 (11/PNC-003381)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para permitir na Coruña a dobre adscrición do CEIP de Novo Mesoiro ao IES Elviña e mais ao IES A Sardiñeira, e autorizar unha nova liña de autobús ou adaptar as actuais desde o barrio de Novo Mesoiro ao IES A Sardiñeira [134623](#)

I 36536 (11/PNC-003383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación e a exclusión das oportunidades das mulleres nas convocatorias e axudas relacionadas coas actividades agrarias [134627](#)

I 36551 (11/PNC-003384)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas de política social que debe adoptar a Xunta de Galicia para minorar a desigualdade económica [134631](#)

I 36562 (11/PNC-003385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política industrial [134634](#)

I 36565 (11/PNC-003386)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos usos do espazo portuario do concello de Poio [134637](#)

I 36573 (11/PNC-003387)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dimensionar e xestionar correctamente o cadro de persoal do Hospital do Barbanza, para garantir os procesos asistenciais [134640](#)

I 36576 (11/PNC-003388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de subministración de augas no Val de Lemos [134642](#)

I 36586 (11/PNC-003389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para asegurar o cumprimento da Lei 9/2011 de medios públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia e para garantir o dereito de liberdade de expresión [134645](#)



I 36594 (11/PNC-003390)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis**

Sobre a actuación que debe desenvolver a Xunta de Galicia para protexer as zonas núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas coruñesas e das Terras do Mandeo [134650](#)

I 36599 (11/PNC-003391)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que se manteña a oferta de Bacharelato de Arte no IES O Carril de Vilagarcía [134652](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario**Estado execución orzamentaria****Toma de coñecemento, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación****I 36525 (11/ESEX-000008)****Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**Execución orzamentaria primeiro trimestre 2022 [134655](#)**1.4. Procedementos de información****1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia****1.4.1.2. Memoria anual de actividades do Consello Galego da Competencia****Admisión a trámite, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación****I 36676 (11/TGCM-000002)****Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Memoria correspondente ao ano 2021 e plan de actividades para o ano 2022, da Comisión Galega da Competencia [134656](#)

1.4.2. Solicitudes de comparecencia**1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación****I 36614 (11/PPP-000091)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas que vai adoptar ante a situación de colapso da sanidade pública, especialmente da atención primaria [134699](#)



I 36696 (11/CPP-000092)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición do G.P do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da crise económica, social e sanitaria que sofre a cidadanía galega

[134702](#)**Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación****I 36569 (11/CPP-000090)****Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar sobre as actuacións postas en marcha ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

[134705](#)**I 36705 (11/CPP-000093)****Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar sobre os avances na FP en Galicia

[134707](#)**1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión****Admisión a trámite, traslado á Mesa da Comisión e publicación****I 36496 (11/CPC-000078)****Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para presentar a Memoria de Servizo Público da Corporación Radio Televisión de Galicia S.A. correspondente ao exercicio de 2021

[134709](#)**1.4.3. Interpelacións****Admisión a trámite e publicación****I 36417 (11/INT-001897)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as políticas de impulso da economía circular e de xestión de biorresiduos

[134712](#)**I 36493 (11/INT-001899)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**

Sobre a situación da xestión por parte de Xunta de Galicia no servizo de transportes na Comunidade Autónoma

[134715](#)**I 36502 (11/INT-001900)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a contaminación e a rexeneración das rías

[134719](#)

I 36532 (11/INT-001901)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**Sobre os dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores da Corporación Radio e Televisión de Galicia [134721](#)**I 36539 (11/INT-001902)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**Sobre a política de igualdade no rural [134724](#)**I 36550 (11/INT-001903)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**Sobre a política social para minorar os efectos da crise económica na poboación vulnerable [134728](#)**I 36590 (11/INT-001904)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 3 máis**Sobre a xestión de persoal e liberdade de expresión na Corporación Radio e Televisión de Galicia [134731](#)**I 36593 (11/INT-001905)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis**Sobre a protección das reservas da biosfera e o control do impacto ambiental [134735](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de xullo de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora

- 36313 (11/PPLI-000004)

Comisión Promotora da Proposición de lei de iniciativa legislativa popular sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria

Proposición de lei de iniciativa legislativa popular sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria

A Mesa adopta o seguinte acordo:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de iniciativa legislativa popular sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.

2º. Declarar constituída a comisión promotora, na que figura a persoa que a representará para os efectos de comunicacións.

3º. Notificar este acordo á comisión promotora e á Xunta Electoral de Galicia, para os efectos previstos nos artigos 7 e 8 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

4º. Dispoñer a publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de xullo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 36624 (11/MOC-000106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís



Sobre a política do Goberno galego respecto do uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35117, publicada no BOPG núm 323, do 25 de maio de 2022, e debatida na sesión plenaria do 29 de xuño de 2022)

- 36627 - 36648 (11/MOC-000107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel

Sobre a sinistralidade laboral (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34926, publicada no BOPG núm. 323, do 25 de maio de 2022, e debatida na sesión plenaria do 29 de xuño de 2022)

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 36648.

- 36638 (11/MOC-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre os servizos de medicina interna (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 35511, publicada no BOPG núm. 328 do 8 de xuño de 2022, e debatida na sesión plenaria dos días 28 e 29 de xuño de 2022)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 36415 (11/PNP-003255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia nos procesos de xestión das subvencións e fondos estatais destinados á implantación da recollida separada dos biorresiduos

- 36422 (11/PNP-003256)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa, no concello de Silleda

- 36432 (11/PNP-003257)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir que a contratación do Sergas cumpra cos principios de libre concorrència e de competencia, e manteña o carácter excepcional e xustificado da fórmula da prórroga contractual



- 36449 (11/PNP-003258)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para dotar O Courel dos servizos de telefonía e internet con calidade e a un custo asumible

- 36471 (11/PNP-003260)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Solicitude de reconversión da PRE doc. núm. 28574 en POC

- 36477 (11/PNP-003261)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa prevención de incendios forestais

- 36483 (11/PNP-003262)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para iniciar a obra de arranxo na estrada OU-533 da Rúa á Gudiña de forma urxente con orzamentos propios da Comunidade Autónoma

- 36489 (11/PNP-003263)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para controlar a execución dos contratos do servizo de transporte público de Galicia

- 36501 (11/PNP-003264)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de control da contaminación e rexeneración das rías e dos ríos de Galicia

- 36507 (11/PNP-003265)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro, Viveiro

- 36512 (11/PNP-003266)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa regulación do servizo de socorrismo



- 36514 (11/PNP-003267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incluír nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 un orzamento suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

- 36520 (11/PNP-003268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para permitir na Coruña a dobre adscrición do CEIP de Novo Mesoiro ao IES Elviña e mais ao IES A Sardiñeira, e autorizar unha nova liña de autobús ou adaptar as actuais desde o barrio de Novo Mesoiro ao IES A Sardiñeira

- 36527 (11/PNP-003269)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a renovación do cargo do director xeral da CRTVG

- 36535 (11/PNP-003270)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación e a exclusión das oportunidades das mulleres nas convocatorias e axudas relacionadas coas actividades agrarias

- 36553 (11/PNP-003271)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas de política social que debe adoptar a Xunta de Galicia para minorar a desigualdade económica

- 36564 (11/PNP-003272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos usos do espazo portuario do concello de Poio

- 36574 (11/PNP-003273)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dimensionar e xestionar correctamente o cadro de persoal do Hospital do Barbanza, para garantir os procesos asistenciais

- 36575 (11/PNP-003274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de subministración de augas no Val de Lemos

- 36585 (11/PNP-003275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para asegurar o cumprimento da Lei 9/2011 de medios públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia e para garantir o dereito de liberdade de expresión

- 36595 (11/PNP-003276)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a actuación que debe desenvolver a Xunta de Galicia para protexer as zonas núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas coruñesas e das Terras do Mandeo

- 36598 (11/PNP-003277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que se manteña a oferta de Bacharelato de Arte no IES O Carril de Vilagarcía

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 36528 (11/PNC-003382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a renovación do cargo do director xeral da CRTVG

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 36416 (11/PNC-003368)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia nos procesos de xestión das subvencións e fondos estatais destinados á implantación da recollida separada dos biorresiduos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36423 (11/PNC-003369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis



Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa canteira situada nas inmediacións da ferverza do Toxa, no concello de Silleda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36431 (11/PNC-003370)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir que a contratación do Sergas cumpra cos principios de libre concorrência e de competencia, e manteña o carácter excepcional e xustificado da fórmula da prórroga contractual

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36448 (11/PNC-003371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para dotar O Courel dos servizos de telefonía e internet con calidade e a un custo asumible

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 36472 (11/PNC-003373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co proxecto dun novo parque empresarial no lugar da Tarroeira, en Pontecesures

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36478 (11/PNC-003374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa prevención de incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 36484 (11/PNC-003375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para iniciar a obra de arranxo na estrada OU-533 da Rúa á Gudiña de forma urxente con orzamentos propios da Comunidade Autónoma

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36490 (11/PNC-003376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para controlar a execución dos contratos do servizo de transporte público de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 36500 (11/PNC-003377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de control da contaminación e rexeneración das rías e dos ríos de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36508 (11/PNC-003378)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da conserveira Albo en Celeiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 36513 (11/PNC-003379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa regulación do servizo de socorrismo

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 36515 (11/PNC-003380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incluír nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 un orzamento suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36521 (11/PNC-003381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para permitir na Coruña a dobre adscrición do CEIP de Novo Mesoiro ao IES Elviña e mais ao IES A Sardiñeira, e autorizar unha nova liña de autobús ou adaptar as actuais desde o barrio de Novo Mesoiro ao IES A Sardiñeira

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 36536 (11/PNC-003383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación e a exclusión das oportunidades das mulleres nas convocatorias e axudas relacionadas coas actividades agrarias

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 36551 (11/PNC-003384)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre as medidas de política social que debe adoptar a Xunta de Galicia para minorar a desigualdade económica

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36562 (11/PNC-003385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política industrial

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 36565 (11/PNC-003386)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos usos do espazo portuario do concello de Poio

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 36573 (11/PNC-003387)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dimensionar e xestionar correctamente o cadro de persoal do Hospital do Barbanza, para garantir os procesos asistenciais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 36576 (11/PNC-003388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de subministración de augas no Val de Lemos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 36586 (11/PNC-003389)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para asegurar o cumprimento da Lei 9/2011 de medios públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia e para garantir o dereito de liberdade de expresión

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 36594 (11/PNC-003390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis

Sobre a actuación que debe desenvolver a Xunta de Galicia para protexer as zonas núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas coruñesas e das Terras do Mandeo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 36599 (11/PNC-003391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que se manteña a oferta de Bacharelato de Arte no IES O Carril de Vilagarcía
Comisión 4ª, Educación e Cultura

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

Estado execución orzamentaria

Toma de coñecemento, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación

- 36525 (11/ESEX-000008)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Execución orzamentaria primeiro trimestre 2022

1.4. Procedementos de información

1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia

1.4.1.2. Memoria anual de actividades do Consello Galego da Competencia

Admisión a trámite, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos e publicación

- 36676 (11/TGCM-000002)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Memoria correspondente ao ano 2021 e plan de actividades para o ano 2022, da Comisión Galega da Competencia

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 36614 (11/PPP-000091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas que vai adoptar ante a situación de colapso da sanidade pública, especialmente da atención primaria

- 36696 (11/PPP-000092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do presidente da Xunta de Galicia, por petición do G.P do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da crise económica, social e sanitaria que sofre a cidadanía galega



Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 36569 (11/CPP-000090)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar sobre as actuacións postas en marcha ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

- 36705 (11/CPP-000093)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar sobre os avances na FP en Galicia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da Comisión e publicación

- 36496 (11/CPC-000078)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para presentar a Memoria de Servizo Público da Corporación Radio Televisión de Galicia S.A. correspondente ao exercicio de 2021

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 36417 (11/INT-001897)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as políticas de impulso da economía circular e de xestión de biorresiduos

- 36493 (11/INT-001899)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a situación da xestión por parte de Xunta de Galicia no servizo de transportes na Comunidade Autónoma

- 36502 (11/INT-001900)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a contaminación e a rexeneración das rías

- 36532 (11/INT-001901)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis



Sobre os dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores da Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 36539 (11/INT-001902)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a política de igualdade no rural

- 36550 (11/INT-001903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a política social para minorar os efectos da crise económica na poboación vulnerable

- 36590 (11/INT-001904)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre a xestión de persoal e liberdade de expresión na Corporación Radio e Televisión de Galicia

- 36593 (11/INT-001905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 3 máis
Sobre a protección das reservas da biosfera e o control do impacto ambiental

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2022

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 29 de xuño, sobre a política do Goberno galego sobre o uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria (doc. núm **35117**, [11/INT-001803]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

-Elaborar de urxencia un Plan Especial de Promoción de Cultivos no que, previo estudo do mercado, se establezan primas por ha cultivada que compensen custos de produción de produtos alimenticios e de consumo animal, tales coma cereais, proteaxinosas, hortalizas, legumes..., coma estímulo para o aumento da superficie agraria útil e a Soberanía Alimentaria.

-Ditar as ordes pertinentes e no seu caso tomar as medidas necesarias para que os procesos de concentración parcelaria cumpran cos obxectivos da METAGA para mellorar as explotacións, económica e tecnicamente, e avanzar nun desenvolvemento máis racional da agricultura.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que desde Estruturas Agrarias se tomen as medidas necesarias para que o chamado Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria, ou o Plan de cultivos, teña a orientación agrícola debida para conseguir un máximo aproveitamento da zona ao servizo das explotacións agrogandeiras.”

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 01/07/2022 12:29:46

Ana Pontón Mondelo na data 01/07/2022 12:29:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 29 de xuño, sobre a sinistrabilidade laboral (doc. núm **34926**, [11/INT-001795]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a

a) Elaborar e aprobar un Plan Galego de Seguridade e Acción Preventiva co obxectivo prioritario de minimizar os accidentes de traballo graves e mortais. No proceso de elaboración e aprobación do Plan participarán os organismos que teñen especificamente atribuídas as competencias en materia de promoción, asesoramento e vixilancia da seguridade e da saúde laboral: Instituto de Seguridade e Saúde laboral da Galiza (ISSGA) e Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

b) Impulsar a elaboración dunha Estratexia Galega de Seguridade e Saúde laboral 2022-2027, coa participación dos axentes sociais, e que conte con dotación orzamentaria suficiente para garantir a súa aplicación e implementación. A elaboración e aprobación desta Estratexia residenciarase no Instituto de Seguridade e Saúde laboral da Galiza (ISSGA) e no Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

c) Incrementar o número e as competencias de inspección dos Técnicos/as Habilitados/as dependentes do ISSGA.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) Aumentar e optimizar a coordinación do Servizo Galego de Saúde e os dispositivos públicos de prevención co obxectivo de mellorar a detección de enfermidades profesionais, sistematizar a información relativa a accidentabilidade e causas da mesma e identificar, e prever e anticipar factores de risco laboral vinculados aos accidentes non traumáticos.

e) Solicitar do goberno Estado a transferencia de recursos e competencias en materia de Inspección de Traballo.”

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 01/07/2022 12:54:39

Ana Pontón Mondelo na data 01/07/2022 12:54:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Pérez López**, solicita a seguinte **corrección de erros** no documento con número de rexistro **36627**:

No encabezamento onde di: “sobre a sinistrabilidade laboral”, debe dicir: “sobre a sinistralidade laboral”.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 04/07/2022 10:13:19

Ana Pontón Mondelo na data 04/07/2022 10:13:45



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 28 e 29 de xuño do 2022, sobre os servizos de medicina interna (11/INT-001831, documento número 35511).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha convocatoria extraordinaria, á maior brevidade, de prazas estables para facultativos especialistas en medicina interna que cubran parcialmente as demandas máis urxentes de persoal dos diferentes servizos de medicina interna de Galicia, con atención ás necesidades de cada área sanitaria.
2. Comprometer a convocatoria do máximo posible de prazas de especialista en medicina interna no sistema público de saúde de Galicia nas vindeiras 3 OPE que se convoquen.
3. Realizar os trámites e procedementos necesarios para establecer como criterio continuado a oferta de prazas en condicións estables aos profesionais que terminen a súa formación MIR en prazas de medicina interna en Galicia para que desenvolvan esa mesma labor nesa mesma área sanitaria durante os 4 anos seguintes a terminar a súa formación.
4. Axilizar as accións necesarias para habilitar máis volume de prazas de formación en Galicia en acordo e diálogo co persoal titor, e solicitar ao goberno de España que amplíen o volume de prazas MIR para poder ofertar.



5. Reforzar as ofertas para cubrir prazas nos hospitais comarcais, establecendo criterios de discriminación positiva baseados tanto nas propias condicións como nas vantaxes en futuros procedementos de desenvolvemento profesional, para garantir a presenza estable de profesionais nestes centros, facilitando a mellor calidade asistencial na vinculación profesional – paciente.

Pazo do Parlamento, 1 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/07/2022 13:00:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/07/2022 13:00:53



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A Lei estatal de residuos e solos contaminados, Lei 7/2022 establece no seu articulado un novo prazo para a recollida separada dos biorresiduos domésticos, a partir de xullo de 2022, para entidades locais con máis de 5.000 habitantes, e a partir de 2024 para o resto dos municipios; e aos residuos téxtiles, aceites de cociña usados, residuos domésticos perigosos e residuos voluminosos a partir de 2025, por outra banda os residuos de construción e demolición deberán clasificarse por materiais, preferentemente na orixe a partir de 2022, e a demolición deberá ser selectiva a partir de 2024.

Esta lei supón unha das principais pezas legislativas para impulsar a economía circular en España e foi incluída como unha das reformas estruturais do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

